

BOLETÍN 2023. PREMIOS E DISTINCIÓNS.

A COMUNIDADE UNIVERSITARIA.

*Numerosos organismos,
institucións e entidades
empresariais premian os
esforzos da nosa comunidade
universitaria.*

PREMIOS E DISTINCIÓNS.


A comunidade universitaria está composta por alumnado, persoal docente e investigador e persoal auxiliar e de servizos. Todas as persoas pertencentes a estes colectivos conforman o gran capital desta institución. O seu esforzo de superación, o seu traballo e os seus intereses profesionais e académicos son recoñecidos por múltiples organismos e institucións, tanto en España como a nivel internacional.

A Universidade de Vigo quere, con este boletín, recompilar toda a información sobre os premios e distincións acadados pola nosa comunidade universitaria ao longo do 2023.

Nas seguintes páxinas poderán atopar información, extraída de diversas novas do Diario da Universidade de Vigo ([DUVI](#)) e outros xornais sobre os mesmos.

*“Parabéns a toda a comunidade universitaria
polos premios acadados durante o 2023.”*





Aida María Díez Sarabia, presentou a única candidatura que concorreu á cuarta edición do Cinteex Challenge.

UNHA PROPOSTA DE XERACIÓN DE H₂ COMO FONTE DE ENERXÍA RENOVABLE, GAÑADORA DA 4ª EDICIÓN DO CINTECX CHALLENGE

A autora é Aida María Díez, investigadora do Departamento de Enxeñaría Química ([Duvi](#)) [+info](#).



O catedrático da UVigo e director de atlanTTic, Martín Llamas Nistral

O CATEDRÁTICO DA UVIGO MARTÍN LLAMAS NISTAL, NOVO PRESIDENTE DA IEEE EDUCATION SOCIETY


O catedrático da UVigo Martín Llamas Nistal, novo presidente da IEEE Education Society. ([Duvi](#)) [+info](#).

27 de XANEIRO
San Tomé de Aquino



PREMIO PARA AS ALUMNAS E ALUMNOS MÁIS EXCELENTES NA CELEBRACIÓN DE SAN TOMÉ

54 premios extraordinarios de grao, 22 premios extraordinarios de doutoramento, 6 premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de TFM, e distincións aos mellores expedientes de novo ingreso, tanto de grao como de mestrado. ([Duvi](#)) [+Info](#).



Prototipo 3D do módulo invernadoiro

ESTUDANTES DA UVIGO FANSE CO SEGUNDO PREMIO NACIONAL DO HACKFORGOOD CUNHA PROPOSTA DE INVERNADOIROS INTELIXENTES PARA PISOS

Funcionan dentro do propio fogar a través dunha aplicación que controla todos os parámetros. ([Duvi](#)) [+Info](#).



A UVIGO ENTREGA 18 PREMIOS AO ALUMNADO MÁIS COMPROMETIDO COA AXENDA 2030 E OS ODS

A UVigo entrega 18 premios ao alumnado máis comprometido coa Axenda 2030 e os ODS. ([Duvi](#))+[Info](#)



Claudia Pineda e Rebeca López, dúas das galardoadas, debullan os seus proxectos

OS PREMIOS EGERIA POÑEN EN VALOR OS TRABALLOS QUE REIVINDICAN A PERSPECTIVA DE XÉNERO EN TODOS OS EIDOS DO COÑECEMENTO

Outorgáronse catro distincións a traballos fin de grao e dúas a traballos fin de mestrado. ([Duvi](#)) [+Info](#)



Manuel Baltar e a familia do homenaxeado

O PROFESOR JOSÉ PAZ RECIBE, A TÍTULO PÓSTUMO, A MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE OURENSE

Un recoñecemento ao profesor Paz só debe ser un punto e seguido no estudo da súa traxectoria vital e intelectual. ([Duvi](#)) [+Info](#)



O PROFESOR DIEGO GÓMEZ, GALARDOADO POR UN ARTIGO SOBRE A OBRIGATORIEDADE DA CITA PREVIA NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Nos Premios Blogs Jurídicos de Oro na categoría de “Artículos de Excelencia”. ([Duvi](#)) [+Info](#).



Os catro premios foron para Raquel Álvarez, Nuria Bouzas, Rebeca López e Elena Moldes

CATRO EGRESADAS DO CAMPUS PONTEVEDRÉS E DÚAS DO VIGUÉS RECIBIRON OS PREMIOS SOFÍA NOVOA.


Promovidos pola Deputación de Pontevedra para recoñecer TFG e TFM con perspectiva de xénero. ([Duvi](#)) [+Info](#).



Foto de familia das premiadas coas autoridades

OS PREMIOS GIRLGEEKCOVID DISTINGUEN A TRAXECTORIA ACADÉMICA DE CATRO MOZAS STEM

Para fomentar a presenza feminina neste tipo de carreiras, a Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra puxeron en marcha estes premios. ([Duvi](#))[+Info](#).



A investigadora Ana Novo. Foto: Universitat Autònoma de Barcelona

ANA NOVO, FOI PREMIADA POR UNHA METODOLOXÍA QUE PERMITE DETERMINAR DE XEITO AUTOMÁTICO O RISCO DE INCENDIO PRETO DAS ESTRADAS

Un galardón impulsado pola Universitat Autònoma de Barcelona e Securitas. ([Duvi](#)) [+Info](#).



RECOÑECEMENTO DE CLUERGAL E DA REVISTA DÍNAMO TÉCNICA Á DIRECTORA DA ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA

Pola súa contribución ao desenvolvemento das enerxías renovables e a sostibilidade. ([Duvi](#)) [+Info](#).




Foto: Cínbio

A CATEDRÁTICA DA UVIGO ÁFRICA GONZALEZ, VIGUESA DISTINGUIDA 2023

Abel Caballero, referiuse á inmunóloga como “unha científica de primeiro nivel mundial no relativo á inmunoloxía”. ([Duvi](#)) [+Info](#).



PAZ OTERO FUERTES, DISTINGUIDA COMO MELLOR INVESTIGADORA NOVA POLA REVISTA 'TOXINS'


Recoñecemento á súa excelencia no eido da toxinoloxía, a rama de toxicoloxía que estuda as toxinas biolóxicas. ([Duvi](#)) [+Info](#).



Riveiro recollendo o galardón de mans do rei

BELÉN RIVEIRO RECOLLE EN ALACANTE UN DOS PREMIOS NACIONAIS DE INVESTIGACIÓN 2022.

A enxeñeira do Cintex recibiu o galardón pola “orixinalidade e o impacto” do seu traballo. ([Duvi](#)) [+Info](#).



Os premios son convocados anualmente pola Vicerreitoría do 'Campus de Ourense no marco do seu proxecto de especialización arredor dos recursos hídricos

OS PREMIOS CAMPUS AUGA DISTINGUEN CINCO TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

Dunha iniciativa froito da colaboración entre a institución académica e Viaqua. ([Duvi](#)) [+Info](#).



Helena Cortés recibe o galardón de mans de SS.MM. os Reis (Foto: Casa Real)

HELENA CORTÉS RECIBE O PREMIO NACIONAL A LA MEJOR TRADUCCIÓN 2021 POR 'EL DIVÁN DE ORIENTE Y OCCIDENTE' DE GOETHE.

SS.MM. os Reis entregáronlle o galardón á investigadora da UVigo nun acto celebrado en Zaragoza. ([Duvi](#)) [+Info](#).



Foto de Antón Vidal: Estevoaei

ANA ULLA E ANTÓN VIDAL SÚMANSE Á LISTA DE VIGUESES DISTINGUIDOS 2023

O alcalde, Abel Caballero, deu a coñecer os nomeamentos este martes. ([Duvi](#)) [+Info](#).



SABELA JUNCAL TRIUNFA NA PASARELA ALLIANZ EGO.

A deseñadora pontevedresa gaña un concurso de xoves talentos. ([Diario de Pontevedra](#))[+Info](#).



SANTAMARÍA CONDE, MEMBRO DO CONSELLO SOCIAL DA UVIGO, INGRESA NA ACADEMIA DE FARMACIA.

O novo membro é profesor xubilado da UVigo. ([El Correo Gallego](#)) [+Info](#).



Ana Mª Aído, a alumna premiada

A ALUMNA ANA Mª AIDO GAÑA O PREMIO AO MELLOR TFG SOBRE AXENDA 2030 CONVOCADO POLA CRUE, AECID E A FUNDACIÓN CAROLINA

Cun traballo sobre o mercado de Bonos Verdes no sector bancario español. ([DUVI](#))+[Info](#).



Inés Tüñez, Guillermo Fernández e Tomás Aparicio

A ASOCIACIÓN DE DEBATE UNIVERSITARIO RETÓRICA DA UVIGO PROCLÁMASE CAMPIOA NO I TORNEO DE DEBATE ÍNDALO

Pola súa banda, Tomás Aparicio gañou o premio ao mellor orador. ([DUVI](#)) [+Info](#).



O reitor da Universidade de Amberes impoñendo a medalla a Liz-Marzán

A UNIVERSIDADE DE AMBERES INVISTE A LUIS LIZ-MARZÁN COMO DOUTOR HONORIS CAUSA

Recoñece o labor investigador do profesor do CIC biomaGUNE e da UVigo. ([DUVI](#))+[Info](#).



A tripulación feminina do campus, no momento de cruzar a liña de meta

A UVIGO ÁLZASE CO PRIMEIRO TROFEO RÍA DE PONTEVEDRA

O alumnado do campus de Pontevedra e da Escola Naval mediuse nunha competición de barcos dragón. ([DUVI](#))+[Info](#).



Imaxe do podio por equipos do CEU coa UVigo no máis alto

O EQUIPO DE TAEKWONDO DA UVIGO PROCLÁMASE CAMPIÓN DE ESPAÑA UNIVERSITARIO POR OITAVA VEZ

As e os taekwondistas acadaron tres ouros, dúas pratas e tres bronces([DUVI](#))+[Info](#).



A INVESTIGADORA VANESA SANZ GAÑA O CONCURSO #HILOTESIS EXPLICANDO COMO CONVERTER “LIXO EN XELATINA”

Enfrontouse na final a representantes doutras 46 universidades de todo o Estado. ([DUVI](#)) [+Info](#).



Pablo García e Martín Blanco, tras recibir o premio.
Foto: Telefónica

A UVIGO PROCLÁMASE GAÑADORA DA COMPETICIÓN DE DEBATE LEDU STEM POR SEGUNDO ANO CONSECUTIVO

Martín Blanco e Pablo García impuxéronse na final do torneo promovido por Telefónica. ([DUVI](#)) [+Info](#).



O equipo vigués está composto por Luís Tomás García e por Marta Llorca

LA UVIGO, CAMPEONA DE ESPAÑA DE GOLF POR SEGUNDO AÑO CONSECUTIVO

O equipo vigués está composto por Luís Tomás García e Marta Llorca. ([DUVI](#)) [+Info](#).



Premiados e autoridades no acto de entrega dos premios Inspiro

ALUMNADO DE AEROESPACIAL GAÑA O CONCURSO DE PROXECTOS EMPRENDEDORES INSPIRO

Cunha proposta de espectáculo de luces con drones chamado Luxsit. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



O fallo anunciouse no transcurso dun acto co gallo da celebración do Día das Letras Galegas na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

DANSE A COÑECER OS TRABALLOS GAÑADORES DA II EDICIÓN DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN XURÍDICA EN LINGUA GALEGA XOSÉ LUIS FRANCO

Galardoáronse traballos con temáticas que van do Dereito da UE ás patentes ou o terrorismo. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



O equipo da UVigo de loitas olímpicas acadou a medalla de prata

DEPORTISTAS DA UVIGO ACADAN SETE MEDALLAS NOS CEU DE LOITAS OLÍMPICAS, HALTEROFILIA E ATLETISMO

O equipo de loitas olímpicas conseguiu a medalla de prata. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



Esther de Gaspar, directora xeral de HPE CDS en España e Portugal, entrega o segundo premio a Os Zamburiñas

OS ZAMBURIÑAS, SUBCAMPIÓNS DA SEGUNDA EDICIÓN DO HACKATHON HPE CDS TECH CHALLENGE

O equipo da EET da UVigo desenvolveu un sistema innovador para afrontar os retos enerxéticos. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



Agudo, segunda pola dereita, logrou o bronce na competición de -70 quilos

UNHA ESTUDANTE DE FISIOTERAPIA LOGRA O BRONCE NO CAMPIONATO DE ESPAÑA UNIVERSITARIO DE JUDO

Daniela Agudo foi a única representante da UVigo na competición disputada en Salamanca. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



75 GALARDÓNS PARA O ESTUDANTADO MÁIS EXCELENTE QUE INICIA ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO NA UVIGO

45.000 euros destina a UVigo á convocatoria de premios de excelencia académica para alumnado que inicia este curso 2023-2024. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



A escritora, docente e investigadora Rexina Vega

A DEPUTACIÓN DISTINGUE A TRAXECTORIA COMO ESCRITORA E INVESTIGADORA DA PROFESORA REXINA VEGA

É unha das gañadoras dos primeiros premios literarios 'Hai unha voz'. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



Xosé Manuel Cid, Anxela Pérez, Ainoha Quintas, Aldara Oddós e José María Failde

ALUMNAS DE EDUCACIÓN SOCIAL GAÑAN UN DOS PREMIOS DO CONCURSO SOBRE ADICCIÓNS TU PUNTO DE MIRA

Cun vídeo sobre o abuso do teléfono móbil titulado 'La vida a través de una pantalla' ([DUVI](#)) [+Info.](#)



Francisco Javier Rodríguez, M^a Montserrat Cruz, M^a Reyes Pérez, M^a José Pérez, M^a Milagros Fernández e Isidoro Rodríguez

A PROFESORA M^a REYES PÉREZ INGRESA NA ACADEMIA DE ENFERMERÍA DE GALICIA

O seu discurso centrouse no termalismo ourensán como estilo de vida e recurso terapéutico. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



Foto de grupo da aula en Marrocos

A AULA DE TEATRO DO CAMPUS, PREMIADA EN TÁNXER POLA DEFENSA DOS DEREITOS HUMANOS

Tamén recibiu o galardón á mellor peza experimental. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



A CATEDRÁTICA ÁFRICA GONZÁLEZ RECIBE A MEDALLA QUE A ACREDITA COMO MEMBRO DE HONRA DISTINGUIDO DO ICCT

Polo seu traballo a prol da divulgación científica en inmunoloxía durante a pandemia da covid-19. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



Equipo participante no proxecto Remedios

O IG NOBEL DE FÍSICA PARA UN ESTUDO SOBRE A BIOTURBULENCIA NO QUE PARTICIPARON INVESTIGADORES DO CIM

Os galardóns distinguen logros científicos serios pero curiosos que “primeiro fan rir e logo pensar”. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



José Benito Vázquez Dorrió na Escola de Enxeñaría de Minas e da Enerxía

PREMIO DA REAL SOCIEDAD ESPAÑOLA DE FÍSICA PARA O PROFESOR JOSÉ BENITO VÁZQUEZ DORRÍO

O xurado destaca “a súa paixón pola docencia” e “participación activa” en actividades divulgativas. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



O reitor recolleu o galardón de mans do almirante xefe do Estado Maior da Armada Foto: Armada

PREMIO ESPECIAL DA ARMADA 2023 Á UNIVERSIDADE DE VIGO

En agradecemento ao seu significado apoio á imaxe desta institución. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



Pérez Freire, xunto ao delegado do Goberno, Pedro Blanco, e a Valedora do Pobo, Dolores Fernández. Foto: Delegación do Goberno en Galicia

A DELEGACIÓN DO GOBERNO RECOÑECE O LABOR DE SILVIA PÉREZ NA LOITA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

A violencia sexual e os imaxinarios sociais son as súas liñas principais de investigación. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



Concepción Paz Penín dirixe o CINTECX desde o ano 2020

A DIRECTORA DE CINTECX, CONCEPCIÓN PAZ PENÍN, GAÑA O PREMIO MARÍA JOSEFA WONENBURGER

Enxeñeira industrial, a Xunta destacou o seu elevado impacto como investigadora. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



A REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS CONCEDE AOS CATEDRÁTICOS DAVID POSADA E FERNANDO OBELLEIRO AS MEDALLAS DE INVESTIGACIÓN 2023

Nos campos da Bioloxía e Ciencias da Saúde e no das Ciencias Técnicas. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



O encargado de entregar a Ojea o premio foi Josep Oliu, presidente de Banco Sabadell Foto: Sabadell

A FUNDACIÓN BANCO SABADELL ENTREGA Á INVESTIGADORA ELENA OJEA O SEU PREMIO Á SOSTIBILIDADE MARIÑA

Lidera o grupo Future Oceans Lab do Centro de Investigación Mariña da UVigo. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



O PROFESOR JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ ANDINA, ELIXIDO PRESIDENTE DA IEEE INDUSTRIAL ELECTRONICS SOCIETY

IEEE é a maior asociación profesional no ámbito da enxeñaría eléctrica e electrónica. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



A UVIGO OBTÉN A MEDALLA DE BRONCE NOS XXXIV XOGOS GALAICOS DURIENSES

Coa participación de 30 deportistas olímpicos nas catro modalidades. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



ANXO ANGUEIRA, NOVO ACADÉMICO DA RAG.

O profesor da Universidade de Vigo é o presidente da Fundación Rosalía de Castro. ([Faro de Vigo](#)) [+Info](#).



Diploma do premio Destination of Sustainable Cultural Tourism 2023

O PROXECTO RURALLURE GAÑA O PREMIO DESTINO DE TURISMO CULTURAL SOSTIBLE 2023

Polos seus avances na dixitalización e transformación dixital deste tipo de turismo. ([DUVI](#)) [+Info](#).



DAVID FERNÁNDEZ PROCLÁMASE CAMPIÓN DE ESPAÑA DE XADREZ PARA CEGOS E DEFICIENTES VISUAIS

É a primeira vez que un xogador galego acadada este título. ([DUVI](#)) [+Info](#).



O ALUMNO DA UVIGO TOMÁS APARICIO PROCLÁMASE CAMPIÓN DO MUNDO DE ORATORIA

Estudante de ADE-Dereito, este torneo foi para el o broche de ouro a unha tempada chea de éxitos. ([DUVI](#)) [+Info](#).

Un intre da intervención de Tomás Aparicio
Fotografías cortesía de Fundación Telefónica Autor:
Javier Arias



O coordinador do proxecto, Martín López Nores, amosando o premio

NOVO GALARDÓN INTERNACIONAL PARA O PROXECTO EUROPEO RURALLURE

O xurado destacou que “entraña oportunidades notables para o medio rural”. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



Nicolás Oriol, secretario xeral e director de Regulación de Telefónica España, entrega o premio a Jesús Valverde e María Cabrero

OS INVERNADOIROS INTELIXENTES DE HORTIHOUSE GAÑAN O HACKFORGOOD BIG DAY 2023

Impuxéronse a 26 universidades no maior hackathón de España con fins sociais. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



"Tan bueno como tú" acadou o premio ao deseño e á creatividade

GABRIEL VIÑAL TRIUNFA EN DEBUT 2023 CUNHA COLECCIÓN QUE BUSCA "DIGNIFICAR OS ESPAZOS DO HOME HOMOSEXUAL"

Tamén foron premiadas Wêdyla Rodrigues e Carolina Bouza. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



Foto de grupo de autoridades e persoas galardoadas

OS PREMIOS JOSÉ MANUEL PÉREZ CANAL 2023 DISTINGUEN CINCO TRABALLOS FIN DE GRAO DA FACULTADE DE CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO


Entre os temas abordados están Ourense como destino sostible e a saúde mental e recursos humanos. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



Eva Blanco acadou o premio ao mellor TFG sobre cine español

UN ESTUDO NACIDO NA FACULTADE DE COMUNICACIÓN OBTÉN O PREMIO AO MELLOR TFG SOBRE CINE ESPAÑOL

A tamén egresada Marta Bouzas acadou o galardón ao mellor documental no festival Emove. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



Captura realizada durante a entrega do premio

PREMIO PARA A DIRECTORA TÉCNICA DA OFICINA DE I+D, ÁNGELES LÓPEZ, NO IPFEST

En recoñecemento á súa traxectoria profesional no ámbito da transferencia. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



O primeiro premio foi para as estudantes Sabela Pousa e Marta Rodríguez, que interpretaron unha canción en linguaxe de signos

TRES ESTUDANTES DE EDUCACIÓN PRIMARIA GAÑAN O CERTAME UN TIKTOK DE MUSIQUE 2023

Cos seus vídeos interpretativos de cancións de artistas francófonas. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



El abogado Diego Gómez. © Marta G. Irujo

DIEGO GÓMEZ PREMIADO POLA SÚA CAMPAÑA CONTRA A CITA PREVIA.

Da Fundación Hay Derecho. ([Faro de Vigo](#)) [+Info.](#)



O alcalde de Vila Nova de Cerveira (segundo pola esquerda), esta pasada noite, na entrega de premios

Premio (dobre) para o reto FAIAI

O PROXECTO IN COMMON SPORTS GAÑA UN PREMIO DA COMISIÓN EUROPEA POLA SÚA PROMOCIÓN DO DEPORTE INTERXERACIONAL

O galardón BeActive Awards foi entregado este xoves en Bruxelas. ([DUVI](#)) [+Info.](#)

O RETO FAIAI IMPULSADO POR BALIDEA E ATLANTTIC ACADA O PREMIO PARAGUAS DOURO.

Recoñecen as iniciativas destacadas no ámbito da mercadotecnia e a comunicación a nivel galego. ([Código Cero](#)) [+info.](#)



Foto de familia nos premiados neste programa da Rede Eusumo

UN PROXECTO DE CULTIVO E COMERCIALIZACIÓN DE ALGAS OBTÉN O PRIMEIRO PREMIO NO PROGRAMA 'IN-TEAMS'

Promovido pola UVigo e AJE-Pontevedra no marco da Rede Eusumo. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



José Luís Barreiro, en nome de I-M Defensoras, e Lorena Seijo, de Agareso, co diploma e agasallo do Premio Consello Social UViao Humana

A UVIGO PREMIA O LABOR SOLIDARIO DA ASOCIACIÓN GALEGA AGARESO E DA INICIATIVA INTERNACIONAL I-M DEFENSORAS

Durante a gala tamén se entregaron os galardóns aos mellores TFG e TFM en materia de Axenda 2030. ([DUVI](#)) [+Info.](#)



As e os directores das curtas seleccionadas para este certamen.

AUGAL DISTINGUE 'XOGO DE NENOS' COMO A MELLOR CURTA DO CURSO 2022/2023

Na terceira edición dos premios aos mellores traballos do alumnado da Facultade de Comunicación. ([DUVI](#)) [+Info](#).

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS

Edificio anexo a xerencia.

Planta baixa.

As Lagoas Marcosende s/n Vigo

Tel. 986 818640

Web: https://uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/analises-programas/index.html

Universidade de Vigo